



O Consello Galego da Competencia incoa expediente sancionador contra GABISA AUTOMOCION S.L., COMERCIAL AUTOMOTO, S.A. e NUÑEZ MOTOR, S.L. por posible prácticas restrictivas da competencia.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011. A Subdirección Xeral de Investigación do Consello Galego da Competencia (CGC) incoou EXPEDIENTE SANCIONADOR contra GABISA AUTOMOCION S.L., COMERCIAL AUTOMOTO, S.A. e NUÑEZ MOTOR, S.L., ante a existencia de indicios racionais da comisión de prácticas anticompetitivas prohibidas polos artigos 1 e 2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia consistentes na negativa dos concesionarios da marca Citroën na cidade de Vigo a que a súa rede de axentes comerciais participe na xestión da venda dos vehículos Citroën a colaboradores.

O presente expediente ten orixe nunha denuncia presentada por Talleres Abreu, S.L por unha posible infracción da normativa de competencia.

A incoación do presente expediente non prexulga o resultado final da investigación. Ábrese agora un período máximo de 18 meses para a instrución do expediente e para a súa resolución polo CGC.